

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE XANEIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Camba Mejuto

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a cinco de xaneiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce horas deuse inicio

á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de decembro de 2021, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- LICENZA URBANÍSTICA DE REPARCELACIÓN DE PARCELAS RÚSTICAS (EXPEDIENTE NÚM. 444/2021)

- Miguel Fernández Cerqueiro

ANTECEDENTES

1. Don MIGUEL FERNÁNDEZ CERQUEIRO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Bagarelas, parroquia de Vilela, solicita con data 11 de novembro de 2021 (RE núm. 1942) licenza municipal para REPARCELACIÓN DE PARCELAS

- RÚSTICAS, con emprazamento no lugar de Bagarelas, parroquia de Vilela.
2. Achégase proxecto técnico redactado, en data agosto de 2021, pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
 3. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 f) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351.1 f) do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A solicitude para segregación de parcelas afecta a terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a segregación de parte dunha finca co obxecto de proceder á posterior agrupación da porción segregada a outra parcela lindeira. Preténdese a reorganización da propiedade sen que resulte un número maior de parcelas respecto do orixinariamente existente.
5. As parcelas matrices obxecto da segregación dispoñen das seguintes referencias catastrais:

36047A012001290000PQ

36047A012001440000PD

6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural

- de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. O artigo 149.2 da LSG permite a segregación de parcelas no solo rústico cando teñan como finalidade a reorganización da propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente, suposto que se xustifica no proxecto presentado.
 8. As parcelas resultantes cumpren a superficie mínima establecida polo artigo 39 d) da LSG (2.000 m²).
 9. As fichas descritivas das parcelas resultantes da reparcelación obxecto da presente licenza, así como o plano parcelario correspondente inclúense respectivamente nos Anexos I e II do presente acordo, como parte integrante do mesmo de conformidade co previsto no artigo 355.2 f) do RLSG.
 10. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 11. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

CONCEDER a Don MIGUEL FERNÁNDEZ CERQUEIRO licenza municipal para REPARCELACIÓN DE PARCELAS RÚSTICAS, con emprazamento no lugar de Bagarelas, parroquia de Vilela, con estrita suxeición ao proxecto técnico redactado, en data agosto de 2021, pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coa condición especial seguinte:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.

ANEXO I: FICHAS DESCRIPTIVAS DOS LOTES RESULTANTES

Parcela Resultante A

1. Titularidad: Miguel Fernández Cerqueiro con D.N.I. número 32.809.600-P y domicilio en el lugar de Bagarelas Nº1, parroquia de Vilela, Ayuntamiento de Rodeiro.

Los lindes de la parcela resultante A son los siguientes:

- NORTE: camino
- SUR: camino y carretera
- ESTE: camino
- OESTE: Miguel Fernández Cerqueiro (parcela resultante B)

2. Superficie

La superficie de la parcela resultante A es de **45.484 m²**.

3. Cuadro resumen

	PXOM de Rodeiro Suelo rústico de protección agropecuaria	Proyecto Segregación Parcela resultante A
Parcela mínima	2000 m ²	45.484 m ²
Ocupación en planta por edificaciones	60 %	No existen edificaciones en la parcela
Retranqueos mínimos (*,)	Linderos: 5 m A ejes de camino: 6 m	No existen edificaciones en la parcela
Clasificación urbanística		Suelo rústico de protección agropecuaria

Parcela Resultante B

1. Titularidad: Miguel Fernández Cerqueiro con D.N.I. número 32.809.600-P y domicilio en el lugar de Bagarelas Nº1, parroquia de Vilela, Ayuntamiento de Rodeiro

2. Lindes

Los lindes de la parcela resultante B son los siguientes:


- NORTE: camino, Manuel Suarez Salgado (36047A01200143)
- SUR: carretera
- ESTE: Miguel Fernández Cerqueiro (parcela resultante A)
- OESTE: José Ratón Regueira (36047A01211143), Manuel Suarez Salgado (36047A01200143), José Luis Diéguez Vázquez (36047A01200140), José Luis Diéguez Vázquez (36047A01200131), Antonio Figueroa Sobrado (36047A01200130), Jesusa Sobrado González (36047A01200142)

3. Superficie: La superficie de la parcela resultante B es de **12.654 m²**.

4. Cuadro resumen

	PXOM de Rodeiro Suelo rústico de protección forestal	Proyecto Segregación Parcela resultante B
Parcela mínima	2000 m ²	12.654 m ²
Ocupación en planta por edificaciones	60 %	No existen edificaciones en la parcela
Retranqueos mínimos	A Linderos: 5 m A ejes de camino: 6 m	No existen edificaciones en la parcela
Clasificación urbanística		Suelo rústico de protección agropecuaria

ANEXO II: PLANO PARCELARIO



3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DO INTERESADO

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (375/2021) iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de licenza municipal de obras para REFORMA E AMPLIACIÓN DE CONXUNTO EDIFICATORIO EXISTENTE, no lugar de Vilela, parroquia de Vilela, instada por Don ANDRÉS SAA RUBINES con data 31 de agosto de 2021 (RE núm. 1518), segundo proxecto técnico básico redactado pola arquitecta Dona Sonia Martínez Deiros, con data 30/08/21.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado polo interesado con data 24 de novembro de 2021 (RE núm. 2085).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistido a D. ANDRÉS SAA RUBINES do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORAS NO CENTRO DE SAÚDE DE RODEIRO” (EXPEDIENTE NÚM. PASS-O 1/2021)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “MELLORAS NO CENTRO DE SAÚDE DE RODEIRO”, na reunión celebrada o día 4 de xaneiro de 2022, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF/DNI	PREZO	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL S.L.	██████	81.647,06 €	23,63	2 SEMANAS	10	33,63
SERVIUM SISTEMAS S.L.	██████	75.726,62 €	55,38	8 SEMANAS	40	95,38
VILARIÑO ESP S.L.U.	██████	80.486,18 €	29,86	8 SEMANAS	40	69,86
SERGONSA SERVICIOS S.L.	██████	77.455,73 €	46,11	8 SEMANAS	40	86,11
OCISAT S.L.	██████	81.216,80 €	25,94	2 SEMANAS	10	35,94
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	██████	74.866,09 €	60,00	4 SEMANAS	20	80,00
LUÍS CASTRO CASAL	██████	77.017,41 €	48,46	5 SEMANAS	25	73,46
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	██████	83.041,11 €	16,15	8 SEMANAS	40	56,15

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF/DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
SERVIUM SISTEMAS S.L.	██████	95,38
SERGONSA SERVICIOS S.L.	██████	86,11
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	██████	80,00
LUÍS CASTRO CASAL	██████	73,46
VILARIÑO ESP S.L.U.	██████	69,86
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	██████	56,15
OCISAT S.L.	██████	35,94
CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL S.L.	██████	33,63

2º.- Non foi necesario requirir documentación complementaria ao licitador proposto dada as exencións legais que a natureza sumaria do procedemento comporta, e estar acreditados os restantes requisitos para

contratar nas inscricións da sociedade Servium Sistemas S.L. nos correspondentes rexistros administrativos de contratistas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “MELLORAS NO CENTRO DE SAÚDE DE RODEIRO” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: SERVIUM SISTEMAS S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 62.583,98 €

IVE: 13.142,64 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Setenta e cinco mil setecentos vinte e seis euros con sesenta e dous céntimos (75.726,62 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación, así como das seguintes condicións de execución ofertadas en relación cos criterios de valoración fixados no prego:

— Redución do prazo de execución en oito (8) semanas.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar director de obra ao arquitecto Don Juan Manuel García Pérez, facultativo redactor do proxecto técnico.

Sexto.- Efectuar nomeamento de coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra a favor do enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

5.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENZA MUNICIPAL DE TAXI NÚM. 5

ANTECEDENTES

1º.- Don Samuel Porto Dacal, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, na súa condición de titular da licenza municipal de taxi núm. 5, solicita con data 28 de decembro de 2021 (RE-E núm. 467), autorización para a substitución do vehículo actualmente adscrito á licenza por outro de nova adquisición.

2º.- O solicitante consta como titular da licenza municipal de taxi núm. 5, por transmisión autorizada por acordo deste órgano de data 16/05/2013, e autorización interurbana en vigor núm. [REDACTED].

3º.- A licenza figuraba adscrita ata a presente data ao vehículo marca CITROEN, modelo C4 PICASSO, matrícula 6765HRW e bastidor núm. [REDACTED], substitución autorizada no seu día por acordo deste órgano de data 23/07/2013.

4º.- Solicítase a substitución do vehículo sinalado no apartado anterior por outro de nova adquisición coas características seguintes:

TITULAR: SAMUEL PORTO DACAL

MARCA: KIA

MODELO: NIRO

MATRÍCULA: 4929LVF

DATA DA PRIMEIRA MATRICULACIÓN: 03/12/2021

NÚMERO DE BASTIDOR: XXXXXXXXXX

5º.- O vehículo anteriormente especificado cumpre cos requisitos legalmente establecidos para autorizar a súa substitución en relación á súa antigüidade e a súa adaptación ás condicións esixidas para a prestación do servizo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia (LTPG), dispón que os vehículos adscritos ás licenzas de taxi poderán ser substituídos por outros, previa autorización do órgano concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior sexa máis novo e reúna as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Segundo.- O Regulamento da LTPG, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro (DOG núm. 187, do 01/10/2018) establece no seu artigo 31 o procedemento de substitución e a obriga de tramitalo a través do procedemento coordinado establecido no artigo 3 do mesmo Regulamento.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Efectuar proposta de resolución favorable para a substitución do vehículo adscrito á licenza municipal de taxi núm. 5, da que é titular Don Samuel Porto Dacal, por outro de nova adquisición coas características sinaladas no antecedente cuarto do presente acordo.

Segundo.- Achegar certificación deste acordo, xunto co expediente tramitado, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través do Rexistro de Títulos Habilitantes, para que emita, de ser o caso, o informe vinculante sobre a procedencia da substitución do vehículo solicitada, de conformidade co previsto no artigo 17.3 da LTPG e concordantes do Regulamento.

6.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don Juan López Diéguez.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 04/01/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia ao seguinte usuario:

NOME E APELIDOS: Juan López Diéguez

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Areán, parroquia de San Cristovo do Az

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,54 €/hora

7.- AUTORIZACIÓN EXCEPCIONAL PARA AMPLIACIÓN DA XORNADA DE TARDE ADXUDICADA A USUARIA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022

Dona EVA MARÍA AREÁN DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicita con data 22/12/21 (RE núm. 2226) a ampliación en quince minutos da xornada de tarde que ten

adxudicada a súa filla Aitana Dabouza Areán, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI), curso 2021-2022, por mor de necesidades de conciliación da súa vida laboral e familiar que acredita no expediente, e a inexistencia de prazas libres na actualidade nas xornadas completa e parcial de mañá.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co informe favorable emitido polos Servizos Sociais municipais en data 05/01/22, acorda autorizar de xeito excepcional a ampliación da xornada parcial de tarde adxudicada a dita usuaria, na franxa de 13:30 a 13:45 horas, condicionada a que asine o correspondente contrato no que se recollan os cambios autorizados e a que comunique calquera modificación nas circunstancias que motivan a presente autorización.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2021 (Base 8ª Orzamento 2017, prorrogado para o exercicio de 2022)

- FERRODEIRO S.L. 747,96 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 003448.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 477,37 € E 23,39 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de decembro de 2021, s/facturas núm. 4003303836 e 4003291333 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 381,68 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 003447.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 430,05 €
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000657 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)